



MEMORIA



**ANO 2017**

ÍNDICE

1. HISTORIA.....	PAX 1
2. OBXECTO SOCIAL.....	PAX 2
3. ORGANIZACIÓN.....	PAX 3
4. LOCALIZACIÓN E ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	PAX 5
5. RECURSOS.....	PAX 6
6. ACTIVIDADES.....	PAX 7
6.1. ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUSTANCIAS ADITIVAS.....	PAX 8
6.2. ATENCIÓN A POBOACIÓN RECLUSA.....	PAX 10
6.3. ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE.....	PAX 18
6.4. VOLUNTARIADO E SENSIBILIZACIÓN.....	PAX 25
7. FINANCIACIÓN.....	PAX 32
8. COLABORACIÓNS.....	PAX 36



1. HISTORIA.

A Asociación Aliad Ultreia ten a súa orixe na Asociación A.L.I.A.D. (Asociación Lucense de Información e Axuda ao Drogodependente), fundada en 1984 na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, educación,...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das drogodependencias e atender o conxunto de necesidades humanas que este xera. Nun principio o seu ámbito de actuación era a prevención, tratamento e incorporación de persoas drogodependentes pero A.L.I.A.D. pronto se especializou na área de incorporación. Debido ao traballo desenvolto, a entidade converteuse nunha referencia a nivel nacional na temática das drogodependencias.

Aliad foi evolucionando ao longo dos anos adaptándose á cambiante realidade social. Desta maneira, co xurdimento de novas necesidades sociais, ademais de seguir atendendo ao colectivo relacionado coas drogodependencias, a asociación comezou a diversificar o tipo de actuacións e o perfil de persoas beneficiarias das mesmas. Foi no ano 2010 cando, por este motivo, a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse Aliad- Ultreia.

Recoñecementos e galardóns.

No ano 1993 Aliad recibe a Medalla Concepción Arenal pola súa labor na reinserción de personas.

En 2006 a Xunta de Galicia declarou a **asociación de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de drogodependencias** (Orde do 19 de setembro de 2006 publicada no DOGA do 6 de outubro de 2006)

No ano 2012 Aliad Ultreia foi galardoada co premio “Milagrosista do ano” pola súa labor e traxectoria en favor da integración de persoas en risco de exclusión. Este premio ten un forte arraigo na cidade de Lugo e foi concedido pola Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do barrio da Milagrosa, onde están situadas as oficinas da asociación.

No ano 2014, Aliad Ultreia foi declarada de Utilidade Pública (Orde do 24 de marzo de 2014, publicada no DOGA nº69 do 9 de abril de 2014).

Nese mesmo ano, 2014, esta entidade tamén recibiu o premio “Lazo De Plata” pola súa labor na loita contra a SIDA. Este premio foi concedido pola Sociedade Galega Interdisciplinaria da Sida (SOGAISIDA).

En 2015 a Rede Galega contra a Trata, da que Aliad Ultreia forma parte, é galardoada coa Medalla Castelao.



Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

2. OBXECTO SOCIAL.

Aliad Ultreia ten como misión a promoción dunha mellora na calidade de vida dos homes e mulleres a través dunha atención integral a persoas en risco de exclusión por razóns físicas, ambientais, económicas, culturais, ou de calquera outra natureza. Aliad- Ultreia pretende ser un recurso de incorporación que facilite a integración social proporcionando:

- **Información e sensibilización** sobre as distintas problemáticas coas que traballa.
- **Formación** dirixida aos colectivos e sectores sociais que teñan relación, directa ou indirecta, coa problemática tratada.
- **Atención** psicolóxica, xurídica, social, laboral, sanitaria,... ás persoas usuarias contando para elo cunha equipa multidisciplinar que desenvolva distintos programas e proxectos.



- **Acompañamento** dos e das distintas usuarias a recursos sociais, de formación, vivenda,...

- **Colaboración**, establecendo redes e relaciónes con diversas entidades públicas e privadas, locais, autonómicas, nacionais e internacionais que contribúan a alcanzar o mesmo fin para o cal foi concibida Aliad Ultreia.

- **Traballos de investigación** que detectan problemáticas sociais e que a súa vez serven de base para a planificación de futuras accións.

Todo isto sen perder de vista os valores esenciais da entidade que son **a solidariedade, a transparencia, o compromiso e a sensibilización social.**

Desta maneira, Aliad Ultreia pretende ser unha organización de referencia autonómica na atención de persoas en perigo de exclusión social, especialmente aquelas que non son atendidas por outras organizacións, economicamente sustentable e independente, con capacidade de adaptación e dirixida á consecución dunha sociedade máis igualitaria e xusta.

3. ORGANIZACIÓN.

Aliad Ultreia é unha Asociación sen ánimo de lucro que se rexe polo art. 22 da Constitución, a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e a Lei 49/20, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Aliad Ultreia foi constituída por tempo indefinido e ten como ámbito de actuación todo o territorio español, aínda que, principalmente, desenvolve as súas actividades na provincia de Lugo. Aliad Ultreia ten como órgano supremo de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todas as persoas socias. A xestión e representación da entidade recae nunha Xunta Directiva formada por: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaria e Tesourería. Actualmente a Xunta directiva está constituída por:

D. Manuel Varela Veiga (Presidente)

Dona Ana Luisa Posada Luances (Vicepresidenta)

D. Rosa Marina Zas Castro (Secretaria)

Dona Gloria Pernas Teijeiro (Teseira)

Dona Amanda Díaz Pena (Vogal)

Dona Mónica González Ferreiro (Vogal, dada de baixa en novembro 2017)

O desempeño dos cargos da Xunta Directiva como órgano de representación é totalmente gratuíto e ningún dos membros percibe retribución algunha por razón do seu cargo ou polas funcións de representación da entidade.

Aliad Ultreia está inscrita nos seguintes rexistros:

-  Rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia con nº1984/00426, sección 1ª.
-  Rexistro Xeral de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia con nº2010/014710-1.
-  Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia con nº E-0178.
-  Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia con nº SA 463D 2003/4
-  Rexistro de Asociacións do Concello de Lugo con nº258.
-  Rexistro de entidades de acción voluntaria


Aliad Ultreia tamén forma parte da Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS Lugo), sendo unha das entidades fundadoras da devandita Federación.




Foto: Aliad Ultreia. Feira de Asociacións organizada por FADAS Lugo.

4. LOCALIZACIÓN E ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

A sede de Aliad Ultreia atópase na Rúa Milagrosa nº 99-101, C.P.: 27003 da cidade de Lugo.



Aínda que Aliad Ultreia está constituída como unha organización que pode actuar a nivel nacional, centrando a súa actuación na Comunidade Autónoma Galega e sobre todo na provincia de Lugo.



5. RECURSOS.

5.1. Materiais

Aliad Ultreia conta cun inmobile en propiedade situado na rúa Milagrosa, no que se conta con: dous despachos con varios postos de traballo cada un e tres despachos de atención individual, un deles tamén dispoñible para sala de reunións con biblioteca, un espazo de uso común, baño, dous almacéns, unha aula de informática polivalente e un apartamento de acollida con cociña e baño independente. Todas estas estancias atópanse totalmente equipadas e amobladas tanto para o actual desenvolvemento da actividade da entidade como para posibles futuras ampliacións da mesma.



Foto: Aliad Ultreia. Traballadoras de Aliad Ultreia en reunión de coordinación.

Durante o ano 2017, con financiamento do Concello de Lugo, alugouse un piso no barrio da Milagrosa, con tres habitacións, un baño, cociña sala e habitación de lecer, para destinalo a casa de acollida para mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual ou en risco de sufrila (*ver apartado 6.3. Atención a mulleres en situación de vulnerabilidade*).

5.2. Persoais

No ano 2017 Aliad Ultreia tivo unha media de 6 traballadores/as contratadas. Unha psicóloga, tres educadoras sociais, dous sociólogos (un home e unha muller) formaron a equipa técnica de Aliad Ultreia. Todo este persoal conta con ampla



experiencia no ámbito do social. Ademais destes/as seis profesionais, Aliad Ultreia contou coa colaboración de profesionais externos do ámbito da avogacía, medicina, psicoloxía, etc.

Ademais Aliad Ultreia ten asinados varios convenios coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa Universidade da Coruña (UDC), coa Universidade de Vigo (USV) e con outras institucións educativas para ofrecer a realización de prácticas do seu alumnado na asociación. A cambio ditas prácticas, estas entidades outorgan créditos das diferentes titulacións. É habitual que este alumnado, unha vez terminadas as prácticas, siga vinculado a Aliad Ultreia e continúen prestando a súa colaboración coa entidade participando como voluntarios e voluntarias da entidade.

Ademais deste alumnado que realiza prácticas na entidade, Aliad Ultreia contou o ano 2017 cunha bolsa de 31 persoas voluntarias que colaboraron nas diferentes actividades e programas desenvolvidos.

Destacar tamén que Aliad Ultreia forma parte da Rede Lucense de Voluntariado (RELUVOL), na que participan numerosas entidades de Lugo comprometidas coa promoción do voluntariado: ASPNAIS, Ateibo, Auxilia, Cáritas Lugo, Capaces, COGAMI, Dignidade, Down Lugo, Fundación Juan Soñador, Fundación Secretariado Xitano, Raiolas e a Oficina de Voluntariado, Participación e Cooperación Internacional da USC.

6. ACTIVIDADES.

No ano 2017 Aliad Ultreia desenvolveu as súas actividades en catro liñas estratéxicas básicas.

 **ATENCIÓN A PERSONAS CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUSTANCIAS ADITIVAS.**

 **ATENCIÓN A POBOACIÓN RECLUSA.**

 **ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE.**

 **VOLUNTARIADO E SENSIBILIZACIÓN.**

O feito de que actualmente a actividade de Aliad Ultreia céntrase nestes ámbitos non impide que debido á cambiante realidade social e ao xurdimento de novas demandas e necesidades, ademais de continuar coa labor realizado ata agora, esta entidade abra ou amplíe as súas actuacións a outras áreas ou espazos.

6.1. ATENCIÓN A PERSONAS CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUSTANCIAS ADITIVAS

Dentro desta liña de actuación, Aliad Ultreia ten dúas iniciativas en funcionamento. O **Programa de Atención Xurídico Social** e o **Proxecto de cumprimento de penas e medidas alternativas a prisión**.

6.1.1. Programa de Atención Xurídico Social.

Este Programa está enmarcado dentro do Plan de Trastornos Aditivos de Galicia (antes Plan Galego sobre drogas) deseñado pola Xunta de Galicia. Neste senso, ALIAD-ULTREIA forma parte dos recursos cos que conta o devandito Plan en Galicia, sendo a única entidade que traballa no ámbito da incorporación na Provincia de Lugo.

As actuacións deste programa comezan no momento da detención e prológanse ata a execución da pena. O obxectivo deste programa é o asesoramento legal das persoas drogodependentes e ex drogodependentes para que estes poidan alcanzar a súa incorporación social e laboral.

Para iso as actividades realizadas neste ámbito son:

-  Facilitar a atención integral a drogodependentes con problemas legais.
-  Optimizar a coordinación entre as distintas institucións e axentes implicados.
-  Asesorar e orientar a persoal do ámbito da maxistratura, xudicatura e fiscalía sobre a situación persoal, familiar e social do drogodependente.
-  Accións de orientación-motivación persoais de fronte ao tratamento.

Durante o período de decembro 2016 a novembro de 2017 atendéronse dentro do Programa a **207 personas**: 187 homes e 20 mulleres.


6.1.2. Programa de cumprimento de penas e medidas alternativas a prisión.

O obxecto desta iniciativa é a axuda e a atención a persoas drogodependentes que son condenadas e sometidas a medidas alternativas a prisión. ALIADE-ULTREIA desenvolve este proxecto en coordinación cos equipos de tratamento das prisións, da Unidade de Atención ao Drogodependente e do Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas de Lugo (SGPMA).

Neste sentido, Aliad Ultreia diseña un plan de intervención para cada persoa usuaria e mantén contacto con eles/as e as súas familias a fin de realizar un seguimento das actividades e valorar o apoio familiar. Sinalar tamén que estes cumprimentos inclúen informes de seguimento que realiza Aliad Ultreia para o SGPMA.

Aliad Ultreia leva desenvolvendo estes dous Programas de Atención a Persoas Drogodependentes desde 1993. De carácter anual, ambos os programas realizaron durante o ano 2017, 1.701 intervencións, con 207 persoas con condutas adictivas. A continuación móstranse dúas táboas que recollen algúns dos datos relativos aos devanditos Programas nos últimos anos respecto o número de intervencións e tipo das mesmas.

TÁBOA 1: Nº TOTAL DE INTERVENCIÓNS POR ANOS (2012-2017)



**TÁBOA 2: Nº DE INTERVENCIONS POR TIPO**

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
ENTREVISTA CON USUARIO OU FAMILIARES	478	544	667	654	846	940
CONTACTO CON AVOGADO	141	111	119	161	225	295
CONTACTO OUTRO DISPOSITIVO DO P.G.D	133	112	134	109	104	121
INTERVENCIÓN EN COMISARÍA	2	3	1	3	2	0
REDACCIÓN DE ESCRITOS XURÍDICOS	103	58	80	74	110	114
SOLICITUDE DE INFORME TERAPÉUTICO	99	55	53	53	35	30
EMISIÓN DE INFORME SOCIAL	7	13	18	16	16	17
XESTIÓN EN XULGADOS	36	33	33	14	21	17
XESTIÓN EN CENTRO PENITENCIARIO	16	11	26	18	43	58
XESTIÓN ANTE OUTRO ORGANISMO PUBLICO	100	75	83	74	65	57
SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DE CONDENA	1	0	0	3	1	0
SOLICITUDE SUSTITUCIÓN PENA	1	0	0	0	1	0
SOLICITUDE SUSP. SANCIÓN ADMITIVA	36	30	23	33	8	0
ASISTENCIA A XUIZO		2	3	2	4	4
ASESORAMENTO A XUICES E FISCALES			5	0	1	1
OUTROS	26	0	38	44	45	47
TOTAL	1180	1047	1283	1258	1527	1701

Datos: Aliad Ultreia.

Á vista dos datos expostos é evidente que estas iniciativas desenvolvidas por Aliad Ultreia en Lugo, son sólidas e están consolidadas dentro do Plan de Trastornos Aditivos de Galicia. Debido a esta demanda, cremos indispensable a continuación do noso labor.

6.2. ATENCIÓN Á POBOACIÓN RECLUSA.

Desde Aliad Ultreia, entendemos que o contexto penal, polas súas características de contorna pechada, supón un afastamento de persoas do mundo laboral, da cultura, das relacións sociais, das familias, etc.

O cumprimento dunha pena debería de ter como obxectivo a reeducación e a reinserción social. Neste sentido, tendo en conta como se desenvolven os requirimentos das devanditas penas nas prisións, cremos que actualmente este obxectivo soamente se cumpre en parte ou non se cumpre. Por iso, Aliad Ultreia pretende, mediante programas



formativos, culturais e sociais, achegar actividades que promovan o desenvolvemento persoal e axuden a preparar a vida en liberdade.

Dentro deste ámbito de actuación desenvolvemos varios programas: O **Programa de Preparación á Liberdade** financiado pola convocatoria de IRPF do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través de UNAD (Unión de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente), o **Programa Paso a Paso** que financia a Consellería de Política Social que do mesmo xeito que o programa anterior desenvólvese dentro dos centros Penais da Provincia de Lugo (Bonxe e Monterroso), o **Proxecto Preparados, Listos, Xa!**, financiado pola Deputación de Lugo e que leva a cabo no apartamento de acollida que Aliad Ultreia oferta durante os distintos permisos penais, e o **Proxecto de Participación Comunitaria “Construíndo convivencia”** financiado pola Fundación a Caixa e desenvolvido no C. P. de Monterroso.

6.2.1. Programa de Preparación á liberdade.

- **En Módulos Xerais**

Este programa consistiu no desenvolvemento dos seguintes obradoiros dentro do C.P. de Monterroso cun grupo de internos (17 homes) de diferentes módulos cos que leva a cabo unha intervención a longo prazo:

1. Obradoiro de Habilidades Sociais: serve para consolidar o grupo e traballar habilidades tanto intragrupales como de relación coa contorna; os contidos foron: cohesión grupal, empatía, autoestima, habilidades para a comunicación, asertividade e resolución de conflitos entre persoas.

2. Obradoiro de xestión das emocións e técnicas de autocontrol: pretende axudar a identificar emocións e adestrar nas ferramentas para poder xestionalas dunha forma eficaz. Os contidos foron: definición, características, funcións, identificación e xestión de emocións; aprendizaxe e práctica de técnicas de autocontrol.

3. Obradoiro de Igualdade de Xénero: neste taller reflexionouse en relación ao modelo hexemónico de masculinidade. Traballáronse os seguintes contidos: revisión do modelo hexemónico de masculinidade, diversidade, conceptos sexo-xénero, roles e estereotipos, androcentrismo, sexismo e consecuencias das desigualdades de xénero



nas nosas sociedades. Por primeira vez este taller levouse a cabo por parte de varias voluntarias da entidade.

4. Obradoiro de Orientación Laboral: os contidos deste taller pretenden axudar a establecer un plan de inserción formativo-profesional coherente e coñecer as fontes e ferramentas de busca de emprego.

Ademais no 2017 tamén se levou a cabo por parte de cinco voluntarias da entidade un taller de “Técnicas de teatro para traballar emocións” cunha duración de 6 sesións co grupo de internos do programa.

Os/as psicólogos/as do centro penitenciario complementan estes obradoiros con outros de prevención de recaídas e orientación cara a tratamento.

- **Na Unidade Terapéutica e Educativa**

Durante o 2017, co apoio de tres voluntarias de ALIAD desenvolvéronse catro obradoiros de preparación á liberdade na Unidade Terapéutica e Educativa (UTE) do C. P. Monterroso, dos que participaron 12 internos, centrados nos seguintes temas:

1. Obradoiro de xénero, duplicando ó que se realiza en módulos xerais.
2. Obradoiro de emocións e control da ira, solicitado polos internos do módulo, pretende axudar a identificar emocións e adestrar nas ferramentas para poder xestionalas dunha forma eficaz.
3. Obradoiro de valores, o cal da continuidade a un traballo de auto coñecemento que se ven desenvolvendo dende o ano anterior con este grupo.
4. Obradoiro de expresión emocional a través do teatro, empregando os monicreques como estratexia de expresar a través do outro as emocións propias.

En 2017 ademais de realizar o obradoiro co grupo de internos do programa, tamén se realizou un taller de igualdade de xénero cos internos da UTE (Unidade Terapéutica e Educativa) levada a cabo por outro grupo de voluntarias de Aliad.

6.2.2. Programa Paso a Paso.

Esta iniciativa ten como obxectivo xeral o desenvolvemento persoal da poboación recluída participante no proxecto, a recuperación e adquisición de habilidades e o adestramento destas para a súa vida en liberdade. Isto faise a través de itinerarios de inserción individualizados deseñados tendo en conta as características de cada un das persoas usuarias. Para iso, dentro dos centros penais, realízanse actividades como:

-  Entrevistas de valoración.
-  Deseño de itinerarios de inserción.
-  Talleres grupais de reflexión sobre: enfoque de calidade de vida e intervención centrada na persoa; expectativas, medos e intereses en relación á saída en liberdade; rede de apoios sociais; etc.
-  Entrevistas individualizadas de auto diagnóstico e toma de decisións de cara á saída en liberdade.
-  Atención individualizada (asesoramento xurídico, apoio psicolóxico, orientación laboral, asesoramento penal,...), dirixida a apoiar dito itinerario.
-  Entrevistas de seguimento.

O programa asume unha visión máis integral ao traballar para preparar a vida en liberdade de persoas drogodependentes do ámbito penitenciario colaborando cos servizos médicos, persoal psicólogo e os Axentes de Saúde dos centros penais, de tal forma que o programa aborda, a través de itinerarios personalizados, a prevención de recaídas, a motivación dirixida ao tratamento, as habilidades sociais e laborais e a xestión de emocións e autocontrol.

Durante o ano 2017 traballouse nos Centros Penais de Bonxe e de Monterroso. En total foron 50 as persoas que participaron neste proxecto neste período.

Para o ano 2018 preténdese centrar a acción deste programa no centro penal de Bonxe, dado que é onde nos atopamos con una poboación penitenciaria ós obxectivos do programa, o cal non implica pechar a porta á posible participación dalgún interno do centro de Monterroso.

6.2.3. Proxecto Preparados, Listos, Xa!

Aliad Ultreia pon a disposición dos internos/as dos Centros Penais de Bonxe e Monterroso, un apartamento no que gozar de permisos penitenciarios de saída. Aínda que nun principio este proxecto centrábase na tutela de persoas con problemas de drogodependencias ao longo dun itinerario, actualmente a poboación obxectivo amplíase a todas aquelas persoas que estando privadas de liberdade, que cumpran cos requisitos acordados conxuntamente polo persoal de Aliad Ultreia e os Centros Penais para poder acceder a estes permisos de saída. A finalidade desta tutela é a de organizar, planificar e orientar o goce dos permisos penais de saída e os primeiros momentos en liberdade. Para iso, desenvólvense diversas actividades cos usuarios, entrevistas de seguimento e control, programación do día, acompañamentos, participación en cursos...

Moitas destas actividades son realizadas en colaboración co voluntariado de Aliad Ultreia (*ver apartado 6.4. Voluntariado e Sensibilización*).

O obxectivo final é preparar a estas personas para que poidan desenvolver a súa vida en liberdade dunha maneira normalizada.



Foto: Aliad Ultreia

Durante o ano 2017 participaron 26 persoas en 63 permisos penais. O total de días en que o apartamento de acollida estivo ocupado foron 287, o que supuxo un aumento considerable con respecto ao ano anterior. Nestes períodos de permiso, dentro dese



proceso de acompañamento, levaron a cabo diferentes intervencións con estes usuarios:

- 119 entrevistas persoais durante el disfrute dos permisos.
- 34 asistencias xurídicas de carácter penal, penitenciario e civil.
- 60 actividades sociais e 7 actividades socioculturais co persoal de Aliad Ultreia e o voluntariado.
- 6 acompañamentos a recursos externos.
- 60 contactos coas equipas de tratamento de Bonxe e Monterroso.

6.2.4. Proxecto de Participación Comunitaria “Construíndo convivencia”

No marco do seu obxecto social, Aliad Ultreia tamén realiza traballos de investigación que detectan novas problemáticas sociais e que á súa vez serven de base para a planificación de futuras accións.

Este proxecto de participación iniciouse no ano 2012, coa finalidade de investigar en torno os conflitos e problemáticas existentes na convivencia cidadá intercultural dos centros penais, máis concretamente, no Centro Penal de Monterroso. No período 2012-2013, esta investigación centrouse na identificación de problemáticas entre a poboación reclusa, e nela participaron 10 persoas (1ª fase).

A través dunha metodoloxía participativa, os internos, o persoal funcionario e as ONG´S que traballan neste centro, identificaron as necesidades e problemáticas sobre as que posteriormente traballar a través do desenvolvemento dun proxecto de animación sociocultural.

O ano 2016 foi o momento no que se materializou ese proxecto de animación sociocultural xa que se puxeron en marcha 9 iniciativas, todas elas impulsadas por Aliad Ultreia e organizadas e desenvolvidas por persoas voluntarias da entidade e internos do Centro Penal (2ª fase). Durante esta fase traballouse na mellora da convivencia intercultural de todos os colectivos que comparten o espazo no Centro Penal de Monterroso e nela participaron máis de 100 persoas.

Durante o ano 2017 iniciouse a terceira fase do proxecto e publicouse o libro



Animación Sociocultural en prisión. Experiencia no Centro Penal de Monterroso que recolle o proceso de participación e transformación comunitaria desenvolvida nese centro penal levándose a cabo varias presentacións do libro: na Facultade de Ciencias da Educación da USC en Santiago, en Lugo na Casa do Saber da USC e en Madrid onde ademais se levou a cabo unha reunión para presentarlle a experiencia ó Subdirector Xeral de Institucións Penais.

Foto: Aliad Ultreia. Portada do Libro que recolle a experiencia del Proxecto "Construíndo Convivencia"

Ao longo deste ano tamén levou a cabo unha avaliación participativa do proceso, a través do Comité Mixto, con representación de internos, funcionariado de vixilancia, equipa técnica e entidades externas colaboradoras.

Recolleuse información a través das seguintes técnicas:

- Entrevista a 21 internos, 9 que non participaron de actividades asociadas ao Plan de Animación Sociocultural e 12 que si participaron.
- Enquisa a 34 profesionais do centro penal (50% de persoal de vixilancia, 12% persoal da escola, 12% persoal sanitario, 20% equipo técnico e 2% equipo directivo)
- Enquisa de satisfacción coas accións de voluntariado a 33 internos participantes.
- Enquisa de valoración a 7 voluntarios/as
- Grupo de discusión co Comité Mixto para a valoración dos resultados das diferentes técnicas.

Os resultados obtidos permitiron reorientar o Plan de Animación Sociocultural e elaborar o novo proxecto. A finais do 2017 elaborouse e foi aprobada a nova fase do proxecto que se iniciará no ano 2018 no que se fortalecerá a liña de participación e de apertura da prisión cara o exterior.

No marco desta iniciativa tamén se desenvolveu durante este ano o ciclo de concertos “Armonía2” levada a cabo en 5 centros penais de Galicia e promovida por unha voluntaria da entidade.

Este proxecto desenvólvese coordinadamente, desde o seu inicio, co grupo de Investigación de Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA) da Universidade de Santiago de Compostela.



Para a realización deste proxecto cóntase con financiamento da Obra social da Caixa. Do mesmo xeito que sucedía nos Programas de Atención a Persoas Drogodependentes, o alto nivel de participación nestas actividades e iniciativas desenvolvidas por Aliad Ultreia confirma a idea de que estes servizos, continúan sendo moi demandados e necesarios debido a unha maior concienciación da problemática no ámbito penal.

Por tanto, resulta cada vez máis evidente que só privar de liberdade non axuda a dar resposta os problemas e causas que xeran os delitos. Aliad Ultreia pon sobre a mesa un catálogo de actividades que se confirma como unha alternativa de éxito pois, á vista dos resultados obtidos, este tipo de servizos tórnanse indispensables para alcanzar a adaptación da vida en liberdade.

Sen ter en conta esta última iniciativa, na que o número de persoas beneficiarias e difícil de calcular, o **total de persoas atendidas dentro do ámbito penal foi de 105** ó longo do ano **2017**.

6.3 PROGRAMAS DE ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓNS DE MAIOR VULNERABILIDADE

Desde que no ano 2010 Aliad Ultreia comeza a atender a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, e a axuda a este colectivo foise ampliando ata abarcar a atención a mulleres que por distintos motivos atópanse en situación de especial vulnerabilidade. Debido a este aumento de servizos a entidade crea dous programas diferenciados:

6.3.1. Programa Donas.

O Programa naceu da especial necesidade que se detectou na Provincia de Lugo de velar polos dereitos das mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual, aínda a día de hoxe unha das formas máis graves e estendidas de violación dos dereitos humanos e de violencia de xénero. Actualmente, a trata e/ou a explotación sexual de mulleres é unha forma de escravitude moderna e supón un atentado á dignidade e os dereitos das mulleres que a sofren, xa que deixan de ser suxeito de dereitos para converterse en obxecto de consumo. Axudar a visibilizar o problema, denunciálo e traballar a favor dos dereitos destas mulleres, debe de ser un compromiso social ao que nos queremos sumar como Asociación, establecéndose entre os obxectivos estatutarios da entidade a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a inserción de persoas en risco de exclusión social.

O “Programa Donas” créase no ano 2010, tras unha colaboración co Centro Vagalume de Santiago de Compostela e o posterior contacto con representantes do Poder Xudicial na cidade de Lugo. A realidade de Lugo continúa vinculada a un proceso xudicial (O Caso Carioca) en torno a unha rede de trata con fins de explotación sexual e moitas mulleres relacionadas con este caso atópanse nunha situación delicada. O sistema de protección existente, do que Aliad Ultreia forma parte, foi deseñado para garantir a protección e os dereitos que lle son lexítimos a estas mulleres. Sucede que a complexidade das situacións coas que nos atopamos fai moi difícil a consecución destes obxectivos. Aínda a día de hoxe, as mulleres vítimas de explotación sexual e/ou trata con fins de explotación sexual e persoas que exercen a prostitución en xeral, que residen ou residiron en Lugo, teñen dificultades no acceso á información sobre os seus dereitos e para acceder aos recursos e servizos sociais en condicións de igualdade.



Entre estas dificultades atópase a situación administrativa irregular de moitas destas mulleres, as dificultades para acceder ao emprego e outras fontes de ingresos, a falta de redes de apoio e sociais, o descoñecemento dos seus dereitos, as fortes cargas familiares, o pouco coñecemento da lingua e a contorna, o baixo nivel formativo, as secuelas psicolóxicas debidas á súa situación de explotación e nalgúns casos o confinamento nos propios lugares onde exercen... por isto é tan importante contar con recursos especializados aos que poidan acceder as mulleres nestas situacións e é necesario seguir traballando para que, tanto as mulleres que colaboran coa xustiza como as que decidiron non facelo, reciban información acerca da situación fáctica e xurídica na que se atopan, e colaborar para que os recursos sociais garantan a súa protección e os seus dereitos.

A intervención do proxecto sitúase na Provincia de Lugo, pero debido á mobilidade destas mulleres polos diferentes pisos e “clubs praza”, aténdense usuarias que se atopan noutras provincias. Ata o ano 2011, e debido á falta de financiamento, o Programa Doas centrábase soamente na atención xurídica destas mulleres. Grazas ao aumento do financiamento, tanto pública como privada, e co acordo de colaboración de Cáritas, entidade coa que se traballa conxuntamente desde o ano 2012, actualmente este programa desenvólvese na súa totalidade, tal e como se concibiu, como un recurso integral que ofrece unha atención xurídica, social, sanitaria, laboral,...

Os ámbitos de actuación do programa son tres: pisos onde se exerce a prostitución, o Barrio da Tinería (barrio de Lugo tradicionalmente vinculado á prostitución) e clubs de alterne. En todos eles realízanse visitas e traballos de asesoramento xurídico, social, sanitario e laboral pero a forma de actuar é distinta en cada visita debido ás diferentes características da contorna e das usuarias.

Durante o ano 2017 realizáronse diversos talleres: sobre recursos sociais, sobre métodos de prevención de infeccións de transmisión sexual e de autocuidado no que se trata tamén o valor do tempo de lecer, etc.

Apuntar que vinculado ao Programa Doas naceu outro recurso/actividade de Aliad Ultreia. Esta consiste na posibilidade de realizar de forma gratuíta a proba rápida de VIH en fluído oral. Aínda que nun principio esta iniciativa serviu para introducirmos e darnos a coñecer entre as mulleres que exercen a prostitución, actualmente ademais de

seguir sendo unha das actividades máis interesantes para esta poboación, o perfil e características das persoas usuarias que demandan esta proba é moi diferente.

Todas estas actividades, ademais de favorecer o acceso a información e servizos a mulleres con dificultades para iso, permite a Aliad Ultreia darse a coñecer entre elas de maneira que no momento que teñan un problema, dúbida ou consulta poidan poñerse en contacto coa entidade para apoialas no que necesiten.

Para iso dispoñemos dun cartón cos datos de contacto e servizos ofrecidos por Aliad Ultreia e Cáritas. Este cartón distribuíuse, xunto a preservativos e folletos informativos sobre as temáticas abordadas nos talleres, en todas as visitas realizadas durante o ano 2017 entre as mulleres participantes nos diferentes talleres.



Desagregación de Cartón diseñado por Aliad Ultreia e Cáritas

Durante o ano 2017 atendéronse un total de 324 mulleres. Á vista destes datos é evidente a necesidade dunha iniciativa como esta, sobre todo se temos en conta que en Lugo non existe unha alternativa similar. Ademais, 158 desas mulleres achegáronse a Aliad Ultreia, onde se realizaron entrevistas en profundidade sobre a súa situación persoal e demandas, coa finalidade de deseñar un plan de actuación individualizado adaptado ás súas necesidades.

Paralelamente, durante todo o ano 2017, **21 persoas realizaron a proba rápida de VIH.**

Vinculado ao Programa Donas, no ano 2014 naceu un novo proxecto que se denominou “**Tecendo Futuro**” que ten como finalidade o empoderamento feminino a través da formación e o apoio á actividade empresarial.

Esta formación está dirixida a mulleres que atravesan ou atravesaron unha situación de vulnerabilidade e, na edición de 2017, que tivesen unha vinculación directa coa violencia de xénero, especialmente na forma de trata e/ou explotación sexual.

No deseño e desenvolvemento do programa establecéronse dous bloques diferenciados pero interrelacionados: o laboral e o persoal, xa que debido ás situacións traumáticas vividas víase necesario unha abordaxe integral centrada na súa persoa, as súas demandas e necesidades particulares no ámbito persoal e familiar como paso previo para abordar o ámbito laboral.

Algunhas das temáticas abordadas foron: habilidades sociais, autoestima, emocións, empoderamento e autocoidados, ferramentas de procura de emprego, orientación laboral e informática básica. O curso iniciouse o 27 de marzo e finalizou o 21 de xuño cunha duración de 66 horas.

Esta formación busca dar un novo paso para a mellora da calidade de vida deste colectivo. Está estruturado co obxectivo de traballar para a toma de poder de decisión dun grupo de mulleres que optan por transformar a súa realidade iniciando un proceso de formación que aposta por valorar e capacitar para a posta en marcha dun proxecto persoal.





Foto: Aliad Ultraia. Participantes do Curso Tecendo Futuro na entrega de diplomas.

No curso Tecendo Futuro do ano 2017 participaron un total de 10 mulleres, finalizando toda a formación 8 delas, dándose dúas delas de baixa: unha por causas persoais e outra por atopar traballo. As mulleres que participaron recibiron unha bolsa mensual que lles facilitaba o poder participar durante todo o proceso formativo. O curso e as bolsas tiveron o financiamento da Deputación de Lugo, ao enmarcarse dentro do programa Donas.

En 2017 tamén se conseguiu financiamento do Concello de Lugo para a apertura dunha **casa de acollida**, un recurso que considerabamos como unha necesidade na cidade, destinada a mulleres e os seus fillos/as que, tras abandonar a situación de explotación sexual necesitan dun período para o seu restablecemento para o redeseño e posta en marcha do seu proxecto persoal. A apertura deste espazo ven complementar o servizo de atención integral do programa Donas, tratando de facilitar un período que permita, de acordo aos tempos persoais de cada unha, restablecer a vida autónoma e a autodeterminación das mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual ou das mulleres que se atopan en risco de selo.

Esta casa enténdese, por tanto, como unha vivenda de transición á vida autónoma e dispón de 5 prazas: 3 prazas de acollida para mulleres e 2 prazas para menores, fillos e fillas das mulleres acollidas.

O piso foi alugado no mes de xullo e o último semestre do ano 2017 abdicouse a condicionar o inmovible e dotalo de todos os servizos e materiais necesarios á espera da aprobación das licenzas preceptivas.

6.3.2. Programa de atención a mulleres en especial vulnerabilidade.

Pola traxectoria de Aliad Ulteira, durante anos, a entidade recollía demandas e tiña experiencia de traballo con mulleres con problemas de consumo de substancias ou que os tiveron nun pasado, mulleres recluídas ou ex reclusas, parellas de homes privados de liberdade, mulleres migrantes e mulleres vítimas de diversos tipos de violencia de xénero. Froito de continuas demandas nestes ámbitos e da identificación da necesidade de ampliar o ámbito de atención a mulleres que se atopan en situacións de múltiples e maiores graos de vulnerabilidade, durante o 2016 logrouse financiamento por parte da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para a posta en marcha dun proxecto integral que atendese á diversidade e multiplicidade de vulnerabilidades solapadas que sofren moitas das mulleres que acoden a ALIAD por mor das desigualdades de xéneros existentes.

Ampliando a área de atención coa denominación do Programa Aliadas, esta iniciativa ten como obxectivo central promover que as mulleres fortalezan e melloren as súas capacidades persoais, psicolóxicas, laborais e educativas que axuden a superar a súa situación de vulnerabilidade e crear un espazo de participación na procura da igualdade en diferentes eixos da vida.

Todo iso dirixido a mulleres que por distintas causas ou factores atópanse nunha situación de maior vulnerabilidade: mulleres vítimas de violencia de xénero, mulleres en situación administrativa irregular, mulleres drogodependentes ou ex-drogodependentes, mulleres recluídas ou ex-recluídas,... e na maioría dos casos, mulleres que viven discriminacións e situacións de vulnerabilidade múltiples baseadas no xénero.



Durante o 2017 atendeuse a **75 mulleres** e levou a cabo un itinerario de traballo (con máis de 6 actuacións) con 37 delas, desde atención psicolóxica (19 mulleres), xurídica (34), social (con todas elas) e accións relacionadas coa procura de emprego (40)



Foto: Aliad Ultreia. Curso de cultura española e castelán.

Desde o ano 2017, paralelamente a estes dous programas, Aliad Ultreia, ofreceu ás usuarias inmigrantes, a posibilidade de asistir a cursos de cultura española e castelán. Estes cursos están orientados a preparar os exames de nacionalidade española, necesarios, xunto con outros requisitos, para obter a nacionalidade española. Devanditos cursos estiveron a se impartir durante todo o ano 2017 con gran éxito, tanto en afluencia como nos resultados obtidos polas alumnas nos citados exames. Durante o 2017 asistiron **13 mulleres** a estes cursos: 8 ao curso de cultura e 5 ao de castelán.

6.3.3. Outros.

Durante o ano 2017 Aliad Ultreia tamén atendeu a un total de **26 persoas** que, estando nunha situación de risco de exclusión, non se atopaban en ningún dos colectivos sinalados anteriormente.



6.4. VOLUNTARIADO E SENSIBILIZACIÓN.

6.4.1. Voluntariado.

Desde os seus inicios a asociación contou coa participación de persoas voluntarias para o desenvolvemento das súas actividades, nun principio dunha maneira máis espontánea, pero con paso dos anos, a colaboración vaise protocolarizando e mellorando.

Ademais nos últimos anos, o Servizo de Participación e Integración Universitaria foi un dos mecanismos para achegarnos, seleccionar e formar a persoas que estaban interesadas nos programas que fai Aliad Ultreia, ademais de colaborar en temas de prevención para o consumo de drogas na comunidade universitaria.

No ano 2015 a área de voluntariado de Aliad Ultreia experimentou un salto de calidade significativo coa contratación dunha coordinadora de voluntariado para a entidade que impulso a súa presenza e articulación favorecendo o aumento do número e participación de persoas voluntarias na entidade.

De este modo, en Aliad Ultreia contamos con diferentes tipos de voluntariado:

- ***Voluntariado para o cambio social.*** Contamos cun grupo de persoas voluntarias que, dende a promoción dun sentir colectivo, se integra no traballo da entidade. Este grupo participa de reunións periódicas para a planificación dos proxectos e das accións formativas, dinamizando espazos de encontro nos que xerar sentir de colectivo. A entidade conta con 9 persoas asociadas a este perfil.

Destaca neste colectivo o impulso que fan de diferentes campañas de incidencia e sensibilización social en torno ás problemáticas sociais relacionadas cos colectivos cos que traballamos.

O día Internacional da Muller 8 de Marzo, no marco da convocatoria do Paro Internacional de Mulleres, promoveuse desde a entidade, como iniciativa do voluntariado, un mannequing challenge na praza da Milagrosa, zona onde están as oficinas de ALIAD, que coincidise co paro convocado de 12:00-12:30 co que mostrar de forma simbólica a importancia das mulleres no sostemento da vida e no ámbito laboral, visibilizando o lema do paro: se as mulleres paramos párase o mundo. Ademais tamén se promoveu a realización de vídeos de 30 segundos por parte da cidadanía no que as

protagonistas aparecen inmóviles representando unha escena conxelada nas diferentes tarefas que realicen a diario (coidados, laboral, participación...), esta proposta difundíuse a través das redes sociais e mediante un percorrido das voluntarias polos comercios do barrio para a difusión de ambas as accións e motivación para a súa participación.



Foto: Aliad Ulteira. Mannequin Challenge 8M

Foron accións moi exitosas nas que participaron de forma activa non só as voluntarias da entidade senón tamén mulleres do barrio e da cidade que se uniron ao mannequin challenge e á realización dos vídeos de paro que posteriormente se maquetaron e subíronse á canle de YouTube da entidade e foron difundidas a través das redes sociais.



O 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, promoveuse unha acción na que se buscou visibilizar unha das violencias machistas máis ocultas e presentes no noso traballo diario: a explotación sexual, entendida como unha das caras máis duras das violencias de xénero. Coa colaboración de Feminista Ilustrada que deseñou o cartel para a campaña, realizouse durante todo o mes a dinamización a través das redes co hashtag #ExplotacionSexualEsViolencia, difundindo vídeos, trípticos e información sobre a

explotación sexual e o papel dos homes demandantes como factor crave para o mantemento desta violencia machista.

Ademais o 25 N tamén saímos á rúa, sumando a nosa mensaxe ás accións da campaña Lugo en Negro promovida desde varios Concellos de Galicia e en colaboración con outros colectivos da cidade.

- **Voluntariado de apoio aos programas:** con aquelas persoas que desenvolven iniciativas de apoio aos programas que desenvolve a entidade. Neste caso destaca:

- Acompañamento a permisos penitenciarios: 3 persoas
- Acompañamento a mulleres en situación de maior vulnerabilidade: 2 persoas
- Obradoiros educativos na prisión, asociados aos programas de preparación á liberdade: 7 persoas (*ver apartado 6.2. Atención a poboación reclusa*).
- Obradoiros socioculturais na cadea: 1 voluntaria, que fixo o ciclo de concertos (reforzarase este voluntariado cando se reincorpore no 2018 a convocatoria de acción voluntaria na prisión).
- Obradoiros formativos e de reforzo escolar: 2 persoas
- Formación en informática, dentro do programa “Tecendo Futuro”: 2 voluntarias, da Aula TIC PEMES da USC.

- **Voluntariado de apoio a accións puntuais:** a aquelas persoas voluntarias que colaboran en accións puntuais, como son os mercadillos de libros ou a celebración do Día Internacional do Voluntariado: 5 persoas asociadas a este perfil.

Na área de formación durante o ano 2017 desenvolveuse o curso baixo o título de “Tirando do fío. Curso de participación social en prol da equidade de xénero” que estivo centrado e impulsado polo voluntariado da entidade, partindo das súas inquietudes e demandas ao redor da necesidade de realizar unha formación en torno ás áreas de traballo da entidade (violencia de xénero, ámbito penitenciario e incidencia y sensibilización social) como paso previo para que o voluntariado formado puidera participar de forma máis activa e ampla nas diferentes accións e intervencións que leva a cabo a entidade (visitas, acompañamentos, incidencia, sensibilización, formativas...).

Tamén voluntarias de ALIAD compartiron a súa experiencia como facilitadoras de talleres no C. P. Monterroso durante unha das xornadas do curso. Dada esta

finalidade, o curso tivo unha orientación fundamentalmente práctica para debater e coñecer ferramentas para a análise e acción socioeducativa con enfoque de xénero para aplicar en diferentes contextos de intervención e participación social. O curso tivo lugar os días 23 e 30 de setembro e 7 de outubro na residencia Bal e Gay da USC e asistiron 28 persoas.

<http://ongaliad.wixsite.com/voluntariado/formacion2>



SÁBADO 23 DE SETEMBRO

De 10:00 a 14:00

O VISIBLE E O INVISIBLE Pondo os lentes violetas para ollar a realidade.

De 16:00 a 20:00

MASCULINO PLURAL, FEMININO SINGULAR
Ferramentas educativas para traballar con homes as identidades.

Amanda Díaz Pena e Mónica González Ferreiro.

Experiencia na prisión de Monterroso.
Jennifer Santín Vivero, Laura Reigosa Menéndez e Natalia Quiroga Fernández.

SÁBADO 30 DE SETEMBRO

De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00

DO CONTO DE FADAS Á PRISIONALIZACIÓN ROMÁNTICA Estratexias para o acompañamento a mulleres vítimas de violencia de xénero.

- A lacra da violencia no seno da parella (ciclo e proceso, tipos, causas e consecuencias). A percepción do risco.
Amanda Díaz Pena e Mónica González.

- Ferramentas e estratexias para o acompañamento a mulleres que sofren violencia de xénero.
Ana Barba Núñez.

- Estratexias de autocoidado e fortalecemento persoal no acompañamento.
Teresa Campos Delgado.

SÁBADO 7 DE OUTUBRO

De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00

O NOSO BERRO DENDE AS
REDES Ciberactivismo feminista.

Deseñaremos a nosa propia campaña!
María De Pando Tamayo e Helen Sotillo

ongaliad.wix.com/voluntariado

Para calquera dúbida, contacta co comité organizador (María Barba ou Manuel Diz), a través do correo electrónico voluntariado@aliad.org ou dos teléfonos 982 25 19 48 / 655395940.



Ademais, como xa apuntamos anteriormente, Aliad Ulteira forma parte da Rede Lucense de Voluntariado (REDLUVOL) e participou durante todo o ano 2017 nas actividades que esta rede organiza en Lugo.

Este ano a Rede Lucense de Voluntariado celebra o seu décimo aniversario e actualmente está formada por trece entidades sociais que realizan o seu labor na cidade: Aliad Ulteira, ASPNAIS, Ateibo, Auxilia, Cáritas, Capaces, COGAMI, Dignidade, Down, Fundación JuanSoñador, Fundación Secretariado Xitano,

Raiolas e Universidade de Santiago.



Durante o ano 2017 ALIADE ULTREIA contou coa colaboración de **31 persoas voluntarias**, todas elas participaron nas distintas actividades citadas.

6.4.2. Sensibilización.

En canto ás actividades de sensibilización, tal e como adiantamos no apartado de voluntariado, durante o 2017 Aliad Ultreia divulgou diversa información sobre os seus programas e a problemática social existente a través dos medios de comunicación.

Tamén se participou, como xa se apuntou, en eventos e iniciativas relacionadas cos ámbitos de actuación da entidade, (Día internacional contra a trata de persoas, Día internacional do voluntariado, Día Internacional contra a violencia de xénero, Día da muller,...).

Ademais durante o ano 2017, co financiamento da Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia leváronse a cabo actividades educativas e de sensibilización en centros educativos con alumnado, con ao redor de 83 mozas e mozos de 5 clases de ESO e BAC de institutos da cidade, unha charla no IES San Rosendo de Mondoñedo con máis de 80 mozos e mozas de BAC e con 7 profesionais da Casa de Información á Muller (CIM) e doutros servizos sociais de Mondoñedo.

Como en anos anteriores, neste ano 2017 Aliad Ultreia tamén participou e colaborou, xunto con outras entidades da Rede Galega contra a Trata, na “VI Xornada Contra a Trata” co tema central de “Violencias invisibles: trata con fins de explotación sexual”. Dita xornada realizouse o 19 de outubro en Santiago de Compostela.



Foto: Cartel Xornadas Rede Galega contra a Trata 2017




**ABRINDO PORTAS
Á INTEGRACIÓN**

ALIAD-ULTREIA
Rúa Milagrosa nº99-101,
27003 LUGO

Teléfono/Fax: Móbil
982 251 948 655395940

Correo electrónico:
ongaliad@hotmail.com

www.aliadultreia.webs.ll

ALIAD-ULTREIA é una asociación sen fins de lucro que leva traballando desde 1984 en Lugo na incorporación e integración social de persoas en risco de exclusión.

Os nosos valores fundamentais son:

- A solidariedade,
- A transparencia
- O compromiso
- A sensibilización social.




Os ámbitos nos que traballamos son:

- Na atención xurídico social a persoas drogo-dependentes ou exdrogo-dependentes.
- Na preparación para a liberdade da poboación reclusa.
- Na axuda a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.

Ademais Aliad Ultreia aproveitou a realización doutras actividades, como as destinadas á procura de financiamento (*véxase capítulo de financiamento*) para difundir os seus valores, programas, filosofía, obxectivos, actuacións... de maneira que esta difusión contribúe á concienciación da poboación sobre os distintos problemas sociais actuais. A difusión desta información sempre estivo acompañada da entrega de folletos informativos.

A páxina web de Aliad Ultreia (www.aliad.org) e a utilización de redes sociais (Facebook, Twitter e YouTube), a través das que se difunde información sobre a entidade, tamén forman parte da sensibilización e concienciación sobre

distintas problemáticas sociais tratadas pola entidade.



Ademais no marco da organización dos cursos de formación tamén se creou un blogue que se emprega para fomentar a participación do voluntariado e para a difusión das iniciativas e convocatorias que se promoven desde a entidade e as persoas voluntarias.

<http://ongaliad.wixsite.com/voluntariado>



En resumo, Aliad Ultreia atendeu a **942 persoas**¹ nos distintos ámbitos de actuación nos que traballa. Unha atención que ante todo busca ser de balde, inmediata, de calidade, próxima, acolledora, resolutiva e eficaz.

Por último, apuntar que a realización de todas estas actividades sostén o cumprimento dos fins estatutarios para os que foi constituída a organización.

¹ Neste cómputo non se contabilizan os usuarios participantes no Proxecto "Construíndo Convivencia".



7. FINANCIAMENTO.

O resultado do exercicio de Aliad Ulteira no ano 2017 foi de 9.810,90 euros. En canto aos ingresos o 87% procederon de administracións públicas e o restante 13% de entidades privadas, doazóns e realización de actividades.

Entre as distintas administracións que financian as actividades realizadas por Aliad Ulteira destacamos as seguintes: Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, Consellería de Sanidade, Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Política Social a través de diferentes Direccións Xerais da Xunta de Galicia, Deputación de Lugo e Concello de Lugo.

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Cotas de asociados	2.620,00
Prestacións de servicios da actividadE (engadido cotas de usuarios/as)	3.901,63
Ingresos ordinarios da actividade mercantil*	0,00
Rentas e otros ingresos derivados do patrimonio	0,00
Ingresos con orixen na Administración Pública	204.712,39
a. Contratos con el sector público	0,00
b. Subvencións	204.712,39
c. Concertos	
Otros ingresos del sector privado	26.525,19
a. Subvencións	18.680,00
b. Donacións e legados	7.251,71
c. Otros	593,48
FINANCIAMIENTO TOTAL DE LA ACTIVIDAD	237.759,21



As fontes de financiamento público (204.712,39 euros) supoñen un recoñecemento por parte dos distintos gobernos do importante labor social realizada. Neste sentido durante o 2017 incrementouse o nivel dos fondos públicos concedidos con respecto ao ano anterior.

Paradoxalmente, debido á situación actual, este apoio institucional non asegura a subsistencia nun futuro e a dependencia destes fondos, supón unha ameaza para a sustentabilidade económica da entidade. Neste sentido, destacaremos a intención de equilibrar nos próximos anos a dependencia de fondos provenientes das administracións públicas respecto do financiamento privado. Entendemos que isto favorece á entidade en varios sentidos:

- Minimiza o risco económico de falta de financiamento para a realización de actividades.
- Diminúe problemas de falta de liquidez. (Pois a maioría das axudas concedidas son pagadas unha vez realizado o gasto)
- Favorece a independencia da entidade.

Por todo iso cremos que, sen descoidar o financiamento público, a diversificación do financiamento incluíndo outras fontes privadas, é unha prioridade para os meses vindeiros.

Debido á forte carga de traballo durante o ano 2017 non se fixeron grandes esforzos para ampliar o devandito tipo de financiamento. Aínda así, a proporción de fondos privados foi superior a anos anteriores.

No relativo ás fontes de financiamento privado, podemos diferenciar o financiamento procedente de entidades como a Fundación A Caixa, que serviron para sufragar parte dos gastos derivados do “Proxecto Construindo Convivencia” desenvolvido no C.P. de Monterroso, e a obtida pola realización de actividades, eventos, ou doazóns particulares.

Vinculada tamén á Obra social da Caixa destacar a achega de 6.000,00 euros da Oficina de Caixabank da Avenida de A Coruña que serviu para sufragar gastos nas distintas actividades que non foron financiadas por ningunha outra administración pública.



As doazóns particulares, as ligadas á venda de lotería, as doazóns pola venda de libros nos rastros solidarios e as cotas de soci@s son as outras fontes de financiamento privado que axudan a desenvolver os programas e actividades que Aliad Ultreia ten en marcha.

En canto ás doazóns particulares, apuntar que durante o ano 2017 mantívose a colaboración coa Fundación Real Dreams que fixo posible continuar coa captación de fondos privados a través de internet, prestando esa entidade o soporte técnico necesario para ese fin.

<http://www.migranodearena.org/cercador.php?idm=1&search=retos&word=Aliad Ultreia>

En canto a ós gastos, a continuación amósase unha táboa co desglose dos mesmos (Táboa 5)

TÁBOA 5: GASTOS Aliad Ultreia 2017

GASTOS	IMPORTE
Gastos por axudas e outros	6.476,59
a. Axudas monetarias (Becas a usuari@s)	3337,73
b. Axudas non monetarias	0
c. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno (Pago voluntariado e desprazamentos Xunta Directiva)	2767,4
d. Reintegro de subvencións	371,46
Aprovisionamentos	23.602,83
a. Compras de bens destinados á actividade	550,5



b. Compras de materias primas	0
c. Compras de outros aprovisionamentos	3295,13
d. Traballos realizados por outras entidades (Avogado, psicóloga, formación)	19757,2
Gastos de persoal	171.849,74
Outros gastos da actividade	20.405,95
a. Arrendamentos e canóns	1973,82
b. Reparacións e conservación	1840,16
c. Servizos de profesionais independentes	2981,83
d. Primas de seguros	803,96
e. Servizos bancarios	273,36
f. Publicidade, propaganda e relacións públicas	2058,66
g. Subministracións	3048,48
h. Outros servizos	3679,26
i. Outros tributos	97,57
j. Gastos excepcionais	3648,85
Amortización de inmovilizado	4.563,83
Gastos financeiros	1.049,37
Adquisición de inmovilizado	0
CUSTE TOTAL DA ACTIVIDAD	227.948,31

Fonte: Aliad Ultreia

A maioría dos gastos da entidade corresponden aos custos salariais das persoas encargadas de desenvolver os programas: psicóloga, educadoras sociais, sociólogo, orientadora laboral,...

No ano 2017 estes custos, sumados aos dos profesionais externos que ofrecen servizos en Aliad Ultreia (avogado e psicóloga e persoal das actividades de formación), ascenderon a 191.606,94 euros que supuxeron o 84% do custo total da entidade. O resto de gastos 36.341,37 euros (16%), fan referencia a outros custos como poden ser o mantemento da entidade, limpeza, xestión, material de oficina, correos, subministracións, teléfono, custos específicos dos programas como (material sanitario, alimentos para as persoas usuarias, comidas e axudas, lavandería da roupa do apartamento, ...) e custos financeiros ²

² Aliad Ultreia ten concedido un préstamo coa finalidade de dispoñer liquidez para facer fronte aos custos das súas actividades. Isto é así debido a que a maioría das axudas públicas concedidas fanse efectivas unha vez xustificadas e pagos devanditos gastos. Desta maneira cando falamos de gastos financeiros, ademais dos gastos de comisións



8. COLABORACIÓN.

No relativo á colaboración con outros organismos, á parte do financiamento, debemos de destacar a relación e colaboración coas seguintes entidades:


-  Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
-  Unidades Asistenciais de Drogodependencias de Burela, Monforte e Lugo.
-  Subdelegación do goberno en Lugo.
-  Deputación Provincial de Lugo.
-  Concello de Lugo.
-  Servicio de Prevención de Drogodependencias do Concello de Lugo.
-  Cáritas Lugo
-  Cruz Vermella Lugo.
-  Casa da Muller (Lugo).
-  Pastoral Penitenciaria (Lugo).
-  Servicio de Xestión de Penas e medidas Alternativas de Lugo.
-  Equipa de tratamento dos Centros Penitenciarios de Bonxe e Monterroso.
-  Asociación Bonhomía.
-  ONG Ecos do Sur (A Coruña)
-  Asociación Penitenciaria Concepción Arenal.
-  Outras entidades sociais de Lugo (*Ver apartado de FADAS Lugo*)
-  Entidades pertencentes á Rede Galega contra a Trata.
-  Emaús

Dun modo máis concreto, ademais da financiamento/colaboración procedente das distintas administracións públicas de ámbito nacional, autonómico, provincial ou

bancarias, estes fan referencia tamén ao pago dos intereses xerados polo devandito préstamo. Con data de 31 de decembro de 2017, o saldo do préstamo concedido ascendía a 18.533,73 euros.

local, apuntaremos tamén a colaboración de Aliad Ultreia con outras entidades privadas tanto para o financiamento como para a execución dos programas.



Así, ademais da xa citada colaboración coa Fundación La Caixa, debemos destacar a existente coa **Fundación Barrié**, a cal, a través do seu **Programa Máis Social** continúanse formando os profesionais e xunta directiva da entidade. De igual xeito coa **Asociación Penal Concepción Arenal de Lugo (APCA)** que traballa conxuntamente con Aliad Ultreia no deseño e desenvolvemento de novos programas de atención, e o traballo conxunto realizado con **Cáritas Lugo** no desenvolvemento do Programa Donas. Destacar tamén que Aliad Ultreia forma parte de **UNAD (Unión Nacional de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente)** e que desde hai varios anos traballan conxuntamente na execución e xustificación de varios programas sociais subvencionados con cargo á subvención do IRPF.

Ademais, ALIAD- ULTREIA forma parte da **Federación de Asociacións Do Ámbito Social de Lugo (FADAS Lugo)**.

Apuntar tamén que como se comentou anteriormente no apartado de sensibilización, Aliad Ultreia tamén forma parte da **Rede Galega Contra a Trata** na que colaboran varias entidades galegas entre as que se atopan Ecos do Sur, Érguete Muller, Vagalume, Faraxa, Médicos do Mundo, ACCEM, O Mencer, Cáritas Lugo e Alumar.

Tamén se colaborou coa campaña do Nadal da Asociación **Bonhomía** “Ningunha árbore sen agasallo” que reparte agasallos entre as nenas e nenos de diferentes asociacións de Lugo, entre as que se atopa Aliad.



Aliad Ultreia

Dirección:

Calle Milagrosa nº99-101

27003 LUGO

Teléfonos:

982 251 948 / 655 395 940

Fax:

982 251 948

Correo electrónico:

ongaliad@hotmail.com

info@aliad.org

Web:

<http://aliadultreia.webs.tl>

www.aliad.org

